Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os carneiros brancos da Pena de Supena

A Pena de Supena está no concello de Folgoso do Courel (Lugo). Un día foron tres de Vilasibil cun veciño de Sobredo que tiña un libro chamado Tombo e comezaron a ler diante da Pena. Abriuse unha greta e dentro viron unha sala grande onde estaba un xigante cunha apeada de carneiros brancos que cando se topaban entre eles quedaban convertidos en ouro.

O xigante soproulles un po a cara e cada un deles foi parar a unha cova diferente.

A fenda na pena aínda se ve hoxe.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PARADA JATO, Jesús Afonso, *Usos, costumes e cousas do Courel*, Toxosoutos, Noia, 2007, páx. 380-381.